



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE VILALBA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NUN CENTRO EDUCATIVO DO CONCELLO

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte:

_____, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, actuando no nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra:

_____, alcaldesa-presidenta do concello de Vilalba, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

I.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.



Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como os comedores escolares.

II.- Que o Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG número 154, do 13 de agosto) regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

A referida norma contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

A implantación do comedor escolar obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificultaba o acceso dos escolares á ensinanza, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. No momento actual, o comedor escolar está acadando novas virtualidades, derivadas da súa condición de medio básico na conciliación da vida laboral e familiar.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública e favorece a eliminación de duplicidades administrativas na xestión do comedor escolar.

III.- Que o Concello de Vilalba decidiu impulsar a xestión do comedor escolar da EEI de Vilalba, radicada no seu termo municipal, asumindo a organización do mesmo e o seu financiamento, para o que contou coas correspondentes achegas económicas dos pais e nais do alumnado comensal en concepto de copago do servizo.

A inquietude manifestada polo Concello de Vilalba conta coa aquiescencia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a apertura do comedor escolar na EEI de Vilalba, facilitando para o efecto a actuación xestora municipal.

Nestes momentos previa solicitude do concello e da comunidade educativa, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, quere neste tempo de crise económica persoal e social colaborar co concello, co fin de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, contribuíndo a súa vez a fomentar a adquisición de hábitos nutricionais e hixiénicos saudables polos escolares.

IV.- Ante isto, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Vilalba, conscientes da importancia que para moitas familias do concello supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, de acordo co previsto no artigo 2.1 d) do citado Decreto 132/2013, do 1 de agosto, consideran adecuado a sinatura dun convenio de colaboración para os cursos escolares 2020/2021 e 2021/2022, en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: *Obxecto do convenio*

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en adiante Consellería) e o Concello de Vilalba (en adiante Concello) para a xestión e organización do servizo de comedor escolar na EEI de Vilalba, radicado neste concello.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Así mesmo, concorre neste centro de ensino público radicado no concello unha problemática singular, non extrapolable a centros educativos existentes noutros concellos galegos. En efecto, a demanda e necesidades esgrimidas pola comunidade educativa no sentido de que este recurso educativo complementario sexa xestionado a través do concello, así como do desexo do concello de xestionar este comedor escolar, determina a elección do convenio entre a Consellería e o

Concello como fórmula idónea neste caso. Por outra banda, esta proposta está contemplada na planificación anual efectuada pola Secretaría Xeral Técnica, e cumpre todos os criterios obxectivos para a súa concesión.

Segunda: *Compromisos do Concello*

1.- O Concello prestará o servizo de comedor escolar no centro docente enumerado na cláusula primeira deste convenio durante os cursos 2020/2021 (con efectos previsibles desde o próximo 18 de febreiro de 2021) e do curso 2021/2022. Este servizo abranguerá as seguintes actividades:

1. A elaboración de comidas cos seguintes requirimentos:
 - Os citados menús poñeranse en coñecemento do consello escolar de cada centro educativo, debendo garantirse a adecuación destes ás necesidades nutricionais das persoas usuarias do servizo e á inxestión calórica dos nutrientes, así como as características gastronómicas de cada estación do ano.
 - O menú será o mesmo para todos/as os/as comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro. En calquera caso, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, acreditada mediante certificado médico, disporá dun menú adecuado ás súas necesidades.
 - O servizo e distribución dos menús escolares ata as mesas do comedor escolar; o seu reparto entre os comensais e a recollida do material empregado.
2. A vixilancia, asistencia e coidado do alumnado durante a utilización do servizo de comedor, así como nos períodos comprendidos dende a finalización da última clase da mañá ata o comezo da seguinte actividade educativa ou ata a súa volta á casa, de ser o caso. Nestes períodos fomentaranse programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

De acordo co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia: “Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual,

que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para este efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais”

2.- O Concello asume o financiamento do custo do comedor escolar do centro anteriormente citado, en todo o que exceda da achega da Consellería, sen que en ningún caso a asunción destas obrigas afecte ao cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria.

3.- Así mesmo, o Concello comprométese a:

1. Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública.

De acordo co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia: “Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para este efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais”

2. Sufragar os menús dos coidadores de NEEs que, durante a súa xornada laboral, han de asistir no comedor aos escolares que teñan asignados, no caso de existiren nos centros cuxos comedores son xestionados polo concello.
3. Cumprir o seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Incluír, en todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, a imaxe institucional da Xunta de Galicia como entidade colaboradora.

Terceira: *Compromisos da Consellería*

A Consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar na EEI de Vilalba mediante unha achega económica de 31.727,50 €, con cargo a aplicación orzamentaria 10.10.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2021: 16.905,00 €

Ano 2022: 14.822,50 €

O feito de fixar a achega pública como un importe certo, supón que queda de conta do Concello a diferenza de financiamento necesaria para a total execución da actividade, debendo ser reintegrada, no seu caso, esta achega pública únicamente polo importe que superase o custo total da actividade.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados ou das persoas usuarias do servizo, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Cuarta: Xustificación da contribución económica da Consellería ao Concello

Gastos subvencionables

Considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

En particular, serán subvencionables os gastos que se deriven da prestación dos servizos de xantar ás persoas usuarias. En ningún caso, se subvencionarán os almozos ou merendas que se ofrezan nos servizos de comedor.

Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Nos termos previstos polo artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incurrido o Concello, como consecuencia da adquisición de obrigas acordes co obxecto do convenio, aínda que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Documentación que se debe presentar

Para a percepción da axuda correspondente a cada anualidade será necesario presentar, ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería, a seguinte documentación:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace da alcaldesa ou presidenta, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.



- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:
 - identificación do/s acredor/es,
 - número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e
 - data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), de ser o caso.
- c) Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, de ser o caso.
- d) Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total (anexo I).
- e) Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (anexo II).
- f) Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (anexo III).
- g) Memoria xustificativa e económica das actividades realizadas, que respectará o contido do anexo IV.
- h) Relacións mensuais do alumnado usuario do comedor escolar.
- i) A conta xustificativa da subvención incorporará, en todo caso, a certificación expedida pola Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da entidade local, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

En todo caso, para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.



Períodos e prazo para a xustificación

Anualidade 2021

1º Pagamento: Comprende os gastos realizados dende o 18 de febreiro de 2021 ata o 22 de xuño de 2021.

O prazo para a xustificación remata o 30 de xullo de 2021.

2º Pagamento: Comprende os gastos realizados dende o 10 de setembro de 2021 ata o 30 de novembro de 2021.

O prazo para a xustificación remata o 10 de decembro de 2021.

Anualidade 2022

Comprende os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2021 ata o 19 de xuño de 2022.

O prazo para a xustificación remata o 30 de xullo de 2022.

Pagamento da subvención

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Efectos da falta de xustificación

A falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

Quinta: Control

O Concello comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e/ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta: Vixencia

O presente convenio, unha vez asinado, estará vixente ao longo dos cursos escolares 2020/2021 (desde o 18.02.2021) e do curso 2021/2022.

Sétima: Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, e darán lugar ao reintegro das cantidades recibidas, no seu caso:

- 1.- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas nel.
- 2.- A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a concesión.
- 3.- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- 4.- O remate do prazo previsto para a súa vixencia.
- 5.- O mutuo acordo entre as partes asinantes.
- 6.- Cando, por causa de forza maior, as partes, ou unha delas, se vexa imposibilitada para continuar o cumprimento do convenio.

En calquera caso, o acordo de resolución do convenio estará precedido pola denuncia formal do convenio, por calquera das partes mediante comunicación escrita e motivada dirixida á comisión mixta de seguimento do convenio cunha antelación mínima dun mes á data na que deba surtir efectos.

A Consellería esixirá, de non mediar causa que motive e xustifique a resolución do convenio pola outra parte, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e mais os correspondentes xuros, se é o caso.

Oitava: *Exoneración de responsabilidades*

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Novena: *Solución de controversias*

Para a coordinación, o seguimento e interpretación das posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación das cláusulas deste convenio, crearase unha comisión mixta que estará integrada polos seguintes membros:

- Dúas persoas representantes da Consellería nomeadas polo titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, unha das cales actuará como presidente/a.
- Dúas persoas representantes do Concello nomeadas pola alcaldesa-presidenta da corporación.

O réxime de funcionamento e acordos da comisión axustarase ás normas de funcionamento dos órganos colexiados que se conteñen na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os acordos adoptados por unanimidade no seo desta comisión, serán vinculantes para as partes e o seu incumprimento terá os efectos previstos na cláusula sétima.

A Administración concedente da subvención ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa lei de contratos do sector público, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional, como é a da potestade de reintegro, todo iso sen prexuízo da posibilidade de recurso contencioso administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Comisión de seguimento terá como obxecto a proposta de solucións aos conflitos, que, no seu caso, se produzan, ante a administración concedente da subvención.

Décima: *Réxime xurídico aplicable*

O presente convenio ten carácter administrativo, por razón do contido e materias sobre as que versa, rexendo os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ao abeiro do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No non previsto será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; a Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Así mesmo, este acordo está suxeito ao Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

De conformidade co previsto no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno, os asinantes do convenio autorizan expresamente a publicación dos seus datos persoais no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Tamén serán de aplicación no non previsto no presente convenio as prescricións do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, e a Orde do 21 de febreiro de 2007, que regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da citada consellería, modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008. Igualmente, serán aplicables as prescricións contidas na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

En proba de conformidade, asínase este convenio.

O conselleiro de Cultura Educación e
Universidade

A alcaldesa-presidenta do
Concello de Vilalba



ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

_____ con

DNI _____, en nome e representación do Concello _____ con

NIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a xestión do servizo de comedores escolares deste concello, solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación (1):

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____, de 20__.

(1) indicar expresamente se non se obtivo ou solicitou ningunha axuda





ANEXO II

_____ con DNI _____, en nome e
representación do Concello _____, con
NIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

Lugar e data

Sinatura





ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

_____ con DNI _____,
en nome e representación do Concello _____,
con NIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade local á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- Código IBAN (4 díxitos)
- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito Control: (2 díxitos)
- N° conta: (10 díxitos)
- Código BIC (11 díxitos)

Lugar e data

Sinatura





ANEXO IV

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

Breve descrición das actividades realizadas para a xestión do servizo dos comedores escolares, na que figurará:

- Nome dos centros escolares e número total de usuarios/as que se benefician do servizo de comedor escolar, especificando o número de alumnos/as beneficiarios/as e importes da gratuidade total e da parcial, se é o caso, así como se está establecido un prezo público para a prestación do servizo.
- Programas de desenvolvemento da promoción da saúde, hábitos alimenticios ou habilidades persoais.
- Normativa propia da entidade local aplicable á xestión do servizo de comedor escolar, se é o caso.
- Método de xestión utilizado: xestión directa mediante persoal propio ou xestión por contrato ou concesión, así como duración destes.
- Orzamento global destinado ao servizo de comedor, desagregando o importe que financia a administración e o que aboa directamente o alumnado.
- Cumprimento das condicións impostas no convenio para o desenvolvemento do servizo ou, de ser o caso, posibles incidencias que se teñan producido ao longo do curso escolar.
- Outros datos destacables.

Por cada centro educativo cumprimentaranse os cadros coa seguinte información:





**A) DATOS RELATIVOS AOS USUARIOS/AS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
POR CENTRO EDUCATIVO**

CENTRO EDUCATIVO:		NºALUMNOS/ AS GRATUIDADE 100%	Nº ALUMNOS/AS GRATUÍTOS PARCIALMENTE E PORCENTAXE CORRESPONDE NTE DA BOLSA	Nº ALUMNOS/ AS QUE ABOAN 100% DO MENÚ	TOTAIS
2021 xaneiro- xuño	xaneiro				
	febreiro				
	marzo				
	abril				
	maio				
	xuño				
	TOTAL ANUALIDADE				
2021 setembro - novembro	setembro				
	outubro				
	novembro				
	TOTAL ANUALIDADE				
2021 decembro 2022 xaneiro- xuño	decembro				
	xaneiro				
	febreiro				
	marzo				
	abril				
	maio				
	xuño				
	TOTAL ANUALIDADE				





B) ESTIMACIÓN DE CUSTOS IMPUTABLES A CADA CENTRO EDUCATIVO

CENTRO EDUCATIVO:		cátering ou materias primas	GASTOS CORRENTES : material funxible e consumos	Vixilanci a	Gastos de persoal	Gastos en actividade s
xaneiro - xuño 2021						
	xaneiro					
	febreiro					
	marzo					
	abril					
	maio					
	xuño TOTAL ANUALIDADE					
setembro – novembro 2021	setembro					
	outubro					
	novembro					
	TOTAL ANUALIDADE					
decembro 2021 - xuño 2022	decembro					
	xaneiro					
	febreiro					
	marzo					
	abril					
	maio					
	xuño TOTAL ANUALIDADE					





C) CUSTOS UNITARIOS DOS MENÚS

CONCEPTO	IMPORTE CON IVE
Prezo total unitario do servizo	
Prezo total unitario que aboa o concello	
Prezo que aboan os alumnos con gratuidade parcial	
Prezo que aboan os alumnos que non están bolsados	

D) NÚMERO TOTAL DE XANTARES SERVIDOS POR CENTRO EDUCATIVO

CENTRO EDUCATIVO:		Nº TOTAL XANTARES
xaneiro - xuño 2021		
	xaneiro	
	febreiro	
	marzo	
	abril	
	maio	
	xuño	
	TOTAL ANUALIDADE	
setembro – novembro 2021	setembro	
	outubro	
	novembro	
	TOTAL ANUALIDADE	
decembro 2021 - xuño 2022	decembro	
	xaneiro	
	febreiro	
	marzo	
	abril	
	maio	
	xuño	
	TOTAL ANUALIDADE	

